

Área de  
CONTRATACIÓN e  
NOVOS PROXECTOS

ÁREA DE GOBERNO DE  
SEGURIDADE,  
CONTRATACIÓN, FESTAS  
E XESTIÓN MUNICIPAL

CONCELLO  
DE VIGO



## ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 7 DE MARZO DE 2024

Ás 10:50 horas do día 7 de marzo de 2024, reúnese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo, en sesión virtual a través da canle Cisco Webex Meetings, convocada pola presidenta o 4 de marzo de 2024, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

**Presidenta:** D<sup>a</sup>. Patricia Rodríguez Calviño

**Vocais:**

D. Fernando González Abeijón, representante do PP

D<sup>a</sup>. Margarita Parajó Calvo, titular da Asesoría Xurídica

D<sup>a</sup>. Olga Gómez Corbal, suplente do interventor xeral

D<sup>a</sup>. Dolores Hernández Vidal, suplente do técnico medio de Servizos Económicos de Dirección de Ingresos

D. José Angel Otero Lamas, xefe de área de Investimentos

D. Jesús López Moure, xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural (asiste ao punto 4a)

D<sup>a</sup>. Luz María González Domínguez, xefa do Departamento Administrativo de Alcaldía (asiste aos puntos 8a, 9a e 10a)

D<sup>a</sup>. Ruth María Gallego Santos, suplente do xefe do Servizo de Vías e Obras e Infraestruturas (asiste aos puntos 9b e 10b)

D<sup>a</sup>. Cristina Gómez García, xefa do Servizo de Igualdade (asiste ao punto 11a)

**Secretaria:** D<sup>a</sup>. María Dolores Sotelo Gallego

Aberta a sesión pola Sra. presidenta procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

### **4. Apertura administrativa e das proposicións avaliábeis mediante fórmula, e se procede, clasificación (procedementos abertos simplificados)**

#### **a) Procedemento aberto simplificado para a contratación dos servizos de mantemento preventivo e correctivo das instalacións de climatización e calefacción dos centros adscritos á rede de museos municipais para a contratación (3513-341)**

A secretaria le o listado de licitadores presentados (ACEUVE, S.L.U., CLECE FS, S.A.,



GALEFEN, S.L.U., INERPROMA MEDIOAMBIENTE, S.L., INSTALACIONES CLIMA, S.L., MONCOBRA, S.A. e VEOLIA SERVICIOS NORTE, S.A.U.) a este procedemento segundo consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con eles. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses cos licitadores.

A continuación procédese, en acto público, á descriptación dos documentos que compoñen o sobre B (documentación persoal e proposición avaliable mediante fórmula) co seguinte resultado:

	Licitador	Prezo ofertado (sen IVE)
1	ACEUVE, S.L.U.	15.729,39 €
2	CLECE FS, S.A.*	23.015,52 €
3	GALEFEN, S.L.U.	29.203,68 €
4	INERPROMA MEDIOAMBIENTE, S.L.	23.277,08 €
5	INSTALACIONES CLIMA, S.L.	24.720,00 €
6	MONCOBRA, S.A.	26.836,86 €
7	VEOLIA SERVICIOS NORTE, S.A.U.	18.786,87 €

Todos os licitadores presentan o orzamento detallado.

Asiste como público á apertura:

1. D. Fernando Ortega Álvarez, en representación de INERPROMA MEDIOAMBIENTE, S.L.
2. D. Sergio López Soto, en representación de CLECE FS, S.A.

Acto seguido compróbase a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos, acordando a Mesa por unanimidade dos/as membros presentes, outorgar un prazo de 3 días a GALEFEN, S.L.U. para que poida emendar a documentación acreditativa dos requisitos previos. En concreto deberá presentar:

- No Anexo II, asinado dixitalmente polo seu representante, no que indique se ten ou non intención de subcontratar servidores (apartado f) do Anexo II) xa que no presentado non figura contestado este punto.

## 8. Estudo e, no seu caso, aceptación dos informes sobre a valoración das xustificacións das ofertas anormalmente baixas

### a) Procedemento aberto para a contratación do subministro de agasallos e placas conmemorativas para actos institucionais do Concello de Vigo (19840-101)

A secretaria pregunta aos membros da Mesa se teñen conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 02/05/2024 01:38	Páxina 2 de 8
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A9A149-C1B55E-AA27A1-FU1XYE-8CVGAH-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

Área de  
CONTRATACIÓN e  
NOVOS PROXECTOS

ÁREA DE GOBERNO DE  
SEGURIDADE,  
CONTRATACIÓN, FESTAS  
E XESTIÓN MUNICIPAL

CONCELLO  
DE VIGO



A continuación lembra que o 23 de febreiro de 2024, en cumprimento do acordado na sesión do mesmo día, iniciouse o procedemento previsto no artigo 149 da LCSP con EUROCEBRIAN, S.L. que, durante o prazo concedido presentou a documentación requirida da que se deu traslado á responsable do contrato

O 29 de febreiro de 2024 a xefa do Departamento Administrativo de Alcaldía emitiu informe sobre a xustificación presentada no que conclúe que "A vista da exposto, pódese determinar que a xustificación da licitadora EUROCEBRIAN S.L. sobre a oferta presentada cunha unha porcentaxe de desconto sobre o prezo unitario do 29,5 %, e que se atopaba incursa nunha presunta situación baixa con valores anormais ou desproporcionados ao superar en 20 unidades porcentuais á outra oferta presentada pola empresa Carlos Fernandez, é coherente, tendo en conta o aforro nos custos de fabricación dos produtos, a optimización dos sistemas de produción e os transportes que lles permite obter un marxe de beneficio superior ao 30%."

A Mesa, por maioría dos/as membros presentes coa abstención de D. Fernando González Abeijón, acepta o anterior informe e acorda propoñer ao órgano de contratación aceptar a xustificación da baixa con valores anormais ou desproporcionados presentada por EUROCEBRIAN, S.L. neste procedemento.

#### 9.- Entrega e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios avaliados mediante fórmula

##### a) Procedemento aberto para a contratación do subministro de agasallos e placas conmemorativas para actos institucionais do Concello de Vigo (19840-101)

Entrégase o informe asinado pola xefa do Departamento Administrativo de Alcaldía o 29 de febreiro de 2024 de valoración do sobre C "proposición evaluable mediante fórmula" coa proposta de clasificación que é aceptado por unanimidade dos/as membros presentes.

Acto seguido publícase no perfil de contratante.

##### b) Procedemento aberto para a contratación do subministro e obras do proxecto de "Renovación do Parque Camilo José Cela no marco do PRTR financiado con Fondos Europeos Next-Generation EU" (Plan de Recuperación Transformación e Resiliencia – Financiado pola Unión Europea – Next GenerationEU) (1756-441)

Se retire da orde do día por formar parte da sesión membros da Mesa de Contratación sen informe Minerva.

#### 10.- Propostas de clasificación (procedementos abertos) ou clasificación (procedementos abertos simplificados)

##### a) Procedemento aberto para a contratación do subministro de agasallos e placas conmemorativas para actos institucionais do Concello de Vigo (19840-101)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 02/05/2024 01:38	Páxina 3 de 8
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A9A149-C1B55E-AA27A1-FU1XYE-8CVGAH-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por maioría dos/as membros presentes coa abstención de D. Fernando González Abeijón, propónse á concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 22 de xuño de 2023), a adopción da seguinte resolución:

“Primeiro.- Aceptar a proposta formulada pola Mesa de Contratación na sesión de data 7 de marzo de 2024 de xustificación da baixa con valores anormais ou desproporcionados presentada por EUROCEBRIAN, S.L. neste procedemento.

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do subministro de agasallos e placas conmemorativas para actos institucionais do Concello de Vigo (19840-101) na seguinte orde descendente:

**- LOTE 1**

	Empresas licitadoras	Total de puntos
1	<b>EUROCEBRIAN, S.L.</b>	<b>100,00</b>
2	CARLOS FERNÁNDEZ POL	51,46

**- LOTE 2**

	Empresas licitadoras	Total de puntos
1	<b>CARLOS FERNÁNDEZ POL</b>	<b>100,00</b>

Terceiro.- Requirir aos licitadores clasificados en primeiro lugar, EUROCEBRIAN, S.L. (Lote 1) e CARLOS FERNÁNDEZ POL (Lote 2), para que presenten, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
2. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Recordar que tal e como establece a cláusula 8.9 do PCAP “Os licitadores que estivesen inscritos no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia, regulado polo Decreto 262/2001, do 20 de setembro (DOG nº 200 do 16 de outubro de 2001), ou no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público, están exentos de presentar a documentación que obre neles sempre que se atope vixente.”

**b) Procedemento aberto para a contratación do subministro e obras do proxecto de “Renovación do Parque Camilo José Cela no marco do PRTR financiado con Fondos Europeos Next-Generation EU” (Plan de Recuperación Transformación e Resiliencia – Financiado pola Unión Europea – Next GenerationEU) (1756-441)**

Se retire da orde do día por formar parte da sesión membros da Mesa de Contratación sen informe Minerva



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 02/05/2024 01:38	Páxina 4 de 8
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A9A149-C1B55E-AA27A1-FU1XYE-8CVGAH-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

Área de  
CONTRATACIÓN e  
NOVOS PROXECTOS

ÁREA DE GOBERNO DE  
SEGURIDADE,  
CONTRATACIÓN, FESTAS  
E XESTIÓN MUNICIPAL

CONCELLO  
DE VIGO



## 11. Propostas de adxudicación

### a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de xestión e dinamización do centro de documentación e recursos feministas de Vigo (12531-224)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co licitador clasificado en primeiro lugar neste procedemento. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

A continuación, lembra aos/ás membros da Mesa de Contratación que na sesión de data 23 de febreiro de 2024 acordouse solicitar informe ao servizo en relación coa documentación presentada para acreditar os medios persoais que se esixen na cláusula 5.F. das FEC do PCAP.

O servizo xestor emite informe asinado pola xefa do Servizo de Igualdade en data 29 de febreiro de 2024 no que conclúe que tanto a titulación como a formación especializada e a experiencia laborais esixidas na cláusula 5.F. das FEC do PCAP, quedan debidamente acreditadas na documentación presentada pola licitadora XERMOLO DINAMIZACIÓN SOCIOCULTURAL, S.L.

Tendo en conta o anterior, consta presentada, no expediente, a documentación acreditativa da solvencia económica e financeira, da solvencia técnica e profesional, dos medios persoais e materiais e das circunstancias ás que se refiren as letras a e c do apartado 1 do artigo 140 da LCSP, así como, o resguardo da garantía definitiva e os anexos IV e V do PCAP. Asemade, figuran no expediente os certificados de estar ao corrente das obrigas tributarias (coa AEAT, Concello de Vigo e ATRIGA) e coa Seguridade Social.

En vista do exposto anteriormente, a Mesa de Contratación comproba a documentación anterior, enumerada e explicada polo miúdo pola secretaria na sesión e, sendo esta correcta, acorda, por unanimidade, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento, como segue:

### LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación dos servizos de xestión e dinamización do centro de documentación e recursos feministas de Vigo (12531-224)

### ANTECEDENTES

**Primeiro.-** Con data do 22 de decembro de 2023 a Xunta de Goberno local, acordou:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 02/05/2024 01:38	Páxina 5 de 8
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A9A149-C1B55E-AA27A1-FU1XYE-8CVGAH-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

*"Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación, a través do procedemento aberto e tramitación ordinaria con múltiples criterios de valoración, para a "Xestión e dinamización do Centro de Documentación e Recursos Feministas".*

*Segundo.- Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares asinado pola xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos o 13 de decembro de 2023.*

*Terceiro.- Aprobar o prego de prescricións técnicas particulares asinado o 22 de novembro de 2023.*

*Cuarto.- Autorizar o gasto por importe total de 63.957,52 € que inclúe un IVE (21%) de 11.100,06 €, para a contratación da "Xestión e dinamización do Centro de Documentación e Recursos Feministas", que se imputará con cargo á aplicación orzamentaria "Plan municipal de Igualdade" 2311 2279906 dos orzamentos futuros do Servizo de Igualdade que se aproben para os exercicios 2024, 2025 e 2026, condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente nos ditos orzamentos, desglosado do seguinte xeito: 29.071,60 € imputaranse ao orzamento do exercicio 2024, 31.978,76 € imputarase ao orzamento futuro do exercicio 2025, e 2.907,16 € imputarase ao orzamento futuro do exercicio 2026.*

*Quinto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección da contratista na forma prevista na lexislación vixente."*

**Segundo.-** A concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 22 de xuño de 2023), o 1 de febreiro de 2024 adoptou a seguinte resolución:

*"Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación dos servizos de xestión e dinamización do centro de documentación e recursos feministas de Vigo (12531-224) na seguinte orde descendente:*

	<b>Licitador</b>	<b>Puntuación total</b>
1	XERMOLO DINAMIZACIÓN SOCIOCULTURAL, S.L.	99,50

*Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, XERMOLO DINAMIZACIÓN SOCIOCULTURAL, S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):*

- 1. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP). Lémbrese que deberán acreditar a adscrición dos medios persoais e materiais esixidos no apartado 5F do Anexo I -FEC-.*
- 2. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares.*

*Recordar que tal e como establece a cláusula 8.9 do PCAP "Os licitadores que estivesen inscritos no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia, regulado polo Decreto 262/2001, do 20 de setembro (DOG nº 200 do 16 de outubro de 2001), ou no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público, están exentos de presentar a documentación que obre neles sempre que se atope vixente.""*



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 02/05/2024 01:38	Páxina 6 de 8
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A9A149-C1B55E-AA27A1-FU1XYE-8CVGAH-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



Área de  
CONTRATACIÓN e  
NOVOS PROXECTOS

ÁREA DE GOBERNO DE  
SEGURIDADE,  
CONTRATACIÓN, FESTAS  
E XESTIÓN MUNICIPAL

CONCELLO  
DE VIGO



**Terceiro.-** Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, XERMOLO DINAMIZACIÓN SOCIOCULTURAL, S.L., o día 2 de febreiro de 2024, que presenta parte da documentación requirida o 13 de febreiro de 2024, dentro do prazo concedido, e, outra parte, o 6 de marzo de 2024, fora do prazo. Con respecto a esta última documentación, en base ao criterio sostido polos tribunais de recursos contractuais que defende a posibilidade de emenda da documentación (entre outras, Resolución nº 806/2019, do 11 de xullo, do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais), procede admitila.

Así, a documentación presentada polo licitador consta de:

- A escritura de constitución da licitadora que contén o nomeamento do apoderado o seu DNI e os estatutos sociais.
- Anexo IV do PCAP, asinado dixitalmente polo seu representante.
- Anexo V do PCAP, asinado dixitalmente polo seu representante.
- Para a acreditación da solvencia económica e financeira (22.385,13 €), presentan as contas do ano 2022 nas que o importe neto da cifra de negocios supera esta cantidade.
- Para a acreditación da solvencia técnica e profesional (22.385,13 €), presentan certificado de boa execución do Concello de Vigo nos que a suma dos importes do ano 2022 supera esta cantidade.
- Xustificante de ingreso por un importe de 2.642,87 € que cobre a garantía definitiva requirida, figurando no expediente o correspondente documento da Tesourería do Concello de Vigo.

Ademais desta documentación, figuran no expediente, os certificados positivos de débedas do Concello de Vigo, a AEAT, a TGSS e a ATRIGA.

**Cuarto.-** A Mesa de Contratación na presente sesión do 7 de marzo de 2024 comproba a documentación presentada pola licitadora e detallada pola secretaria e, sendo esta correcta, acorda, por unanimidade dos/as membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

## FUNDAMENTOS XURÍDICOS

**Primeiro.-** A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar XERMOLO DINAMIZACIÓN SOCIOCULTURAL, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 02/05/2024 01:38	Páxina 7 de 8
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A9A149-C1B55E-AA27A1-FU1XYE-8CVGAH-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

contrato.

**Segundo.-** A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por XERMOLO DINAMIZACIÓN SOCIOCULTURAL, S.L., de acordo co informe de valoración da proposición avaliable mediante xuízo de valor de 29 de xaneiro de 2024 e co acordo da Mesa de Contratación de data 1 de febreiro de 2024 polo que se outorga ao licitador a máxima puntuación pola súa proposición avaliable a través de fórmula, por ser o único admitido, de conformidade coa cláusula 16.3 do PCAP.

**Terceiro.-** A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

*"Adxudicar a XERMOLO DINAMIZACIÓN SOCIOCULTURAL, S.L. o procedemento aberto para a contratación dos servizos de xestión e dinamización do centro de documentación e recursos feministas de Vigo (12531-224) coas seguintes condicións:*

- a) *O prezo total do contrato é de 63.957,50 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 11.100,06 euros.*
- b) *O persoal a adscribir ao contrato (con categoría de técnica de Biblioteca) conta con 24,6 meses de experiencia (a maiores de 6 meses).*

*Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada".*

Non tendo máis asuntos que tratar, a presidenta declara finalizada a sesión ás 11:55 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

(Documento asinado dixitalmente polos membros da Mesa asistentes a esta sesión)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 02/05/2024 01:38	Páxina 8 de 8
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A9A149-C1B55E-AA27A1-FU1XYE-8CVGAH-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		